

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 3 de setembro de 2019 pola que se convocan para o ano 2019 as axudas para a concesión de subvencións para o fomento da participación galega no Programa marco de investigación e innovación da Unión Europea (Horizon 2020), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (códigos de procedemento IN607F, IN607G e IN607H).

BDNS (Identif.): 472540.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Entidades beneficiarias

Poderán ter a condición de beneficiarias o seguinte tipo de entidades, segundo o artigo 3 da convocatoria e das bases reguladoras:

- a) Para a liña 1: pemes e organismos de investigación e difusión.
- b) Para as liñas 2.1 e 2.2: pemes.

Deberanse ter en conta as definicións recollidas no anexo I das bases reguladoras.

No caso das liñas 1.1 e 2.1, non poderán ser beneficiarias delas aquelas entidades que, pola actividade que desenvolvan ou o sector a que pertencen, se atopan entre as excepcións recollidas no artigo 1.1 do Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*. No caso da liña 2.2, estas excepcións están recollidas no artigo 1.3 do Regulamento (UE) 651/2014.

Segundo. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto aprobar a convocatoria para o ano 2019 das axudas para o fomento da participación galega de calidade no Programa marco da Unión Europea nas súas diferentes liñas:

– Liña 1 (código de procedemento administrativo IN607F): axudas para actividades de preparación de propostas de calidade, tanto de xeito individual como en consorcio, no



Programa marco de investigación e innovación. Consideraranse propostas de calidade aquelas que acadaron no proceso de avaliación da convocatoria do Programa marco a que concorreron unha puntuación superior ao 75 % da nota máxima establecida.

– Liña 2.1 (código de procedemento administrativo IN607G): axudas para o desenvolvemento dunha proposta individual presentada a algunha das convocatorias da fase I do instrumento peme do Programa marco, sempre que esta acadase unha avaliación igual ou superior aos 13 puntos ou fose distinguida co selo de excelencia.

– Liña 2.2 (código de procedemento administrativo IN607H): axudas para o desenvolvemento dunha proposta individual presentada a algunha das convocatorias da fase II do instrumento peme do Programa marco, sempre que esta acadase unha avaliación igual ou superior aos 12 puntos ou fose distinguida co selo de excelencia.

Deberanse ter en conta o resto de condicións e requisitos incluídos no artigo 1 da convocatoria.

Terceiro. *Convocatoria de axudas*

A concesión destas axudas nas diferentes liñas realizarase a través dun réxime de concorrencia non competitiva. Considérase a orde de presentación de solicitudes como único criterio de concesión, unha vez que se comprobe o cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade previstos nesta convocatoria e nas bases reguladoras (DOG do 11.7.2019). Deste xeito, as solicitudes atenderanse por orde cronolóxica ata o esgotamento do crédito consignado, e consideraranse como data de presentación aquela en que unha solicitude reúna toda a documentación requirida, unha vez emendadas todas as posibles deficiencias.

Cuarto. *Contía*

As axudas que se convocan concederanse en forma de subvención como unha porcentaxe do investimento subvencionable dentro dos seguintes límites:

– Na liña 1.1: o importe máximo da subvención será do 80 % do investimento subvencionable. Deberanse ademais ter en conta os límites incluídos no artigo 13 das bases reguladoras segundo o tipo de convocatoria do Programa marco a que se presentou a proposta e o rol do solicitante nela.

– Na liña 2.1: o importe máximo da subvención será do 70 % do investimento subvencionable, sen superar en ningún caso os 50.000 euros.



– Na liña 2.2: o importe máximo da subvención será, no caso de actividades de desenvolvemento experimental, do 35 % para empresas medianas e do 45 % para empresas pequenas e, no caso de actividades de innovación en materia de procesos e organización, do 50 % do investimento subvencionable. Sempre respectando que o importe máximo por proxecto sexa de 800.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria, que permanecerá aberta ata o 30 de outubro de 2019 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso en que se produza con anterioridade a esta data.

Santiago de Compostela, 3 de setembro do 2019

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: yfgcvyf4-gvc9-k4g6-lr33-wrjgz3jmu8b1

